

MUSEOS MONOGRÁFICOS DE XACEMENTO: A lección de Conimbriga

Cun par de décadas de retraso con relación a outros países do noso entorno, recoñécese hoxe aquí o papel importante que poden e deben desempeñar os Museos Monográficos de sitio arqueolóxico, ademais das posibilidades que ofrece o que se deu en chamar a «musealización de xacementos», que foron dous temas escollidos para debater no último Coloquio de Museos Galegos (Ourense 1990).

Semella claro que, cando se dean determinadas condicións obxectivas (de interese cultural e científico e de demanda social) e, por suposto, cando existan unhas ineludibles garantías de pervivencia e funcionamento, será moi positivo acometer a creación ou a promoción deste tipo de Museos.

En España, a exemplos tan coñecidos e diversos como Ampurias, Ullastret, Itálica, Altamira, o galego Sta. Trega, e algúns outros (entre os que se podería incluír o de Arte Romana de Mérida, como Museo monotemático dun gran xacemento urbano), hai que engadir o exemplo de Tiermes (Soria), centrado máis no traballo de investigación (Museo-laboratorio e como base de excavacións) cá no de difusión ó público, algo explicable por mor da súa ubicación na serra soriana, ou tamén o cercano caso da Aula Didáctica do Castro de Coaña (Asturias), en proceso de formación.

Pero a viaxe que a Asociación de Amigos de Viladonga realizou en Maio de 1991 a Portugal, ademais de servir para ver xacementos como as citanias de Briteiros ou Santa Luzía (que teñen os seus materiais mormente no Museo de Guimarães), permitiu coñecer un Museo Monográfico practicamente modélico desde a súa apertura (na súa presentación actual) en 1985.


As investigacións realizadas na cidade lusitano-romana de Conimbriga desde a década dos sesenta por un equipo franco-portugués, continuaron ata hoxe, e a ciencia arqueolóxica debe moito ós traballos e publicacións realizados ó respecto (véxase a serie Fouilles de Conimbriga ou a revista Conimbriga).

A este labor científico, hai que engadir a proxección museográfica do sitio e a importante tarefa cultural do Museo Monográfico, instalado ó lado mesmo do amplo xacemento.



Un edificio de planta baixa, que nalgunhas partes quere lembrar directamente unha casa romana co seu «impluvium» incluído, alberga toda unha serie de servizos internos (Biblioteca, Laboratorio de Restauración e salas de traballo...), e outros cara ó público, que van desde as propias Salas de exposición permanente ata un Bar-Restaurante ou unha tenda de venda de publicacións e reproducións arqueolóxicas.

Nas Salas de Exposición permanente, os numerosos restos que deu e dá a cidade



romana, preséntanse por bloques temáticos (os diversos oficios, a casa, a numismática, a cerámica, a vida oficial, a cristianización, a epigrafía, etc.), utilizando para iso maquetas e, sobre todo, unhas grandes vitrinas (ou máis ben espazos ou ámbitos cerrados con vidro). A impresionante abundancia e riqueza de material acompáñase de debuxos, maquetas, gráficos e outro tipo de información, ás veces case escenográficas.

Dando por sentada a moi favorable impresión do conxunto e aceptando a súa validez museográfica en termos xerais, algúns inconvenientes ou «peros» poden saír ó paso: en primeiro lugar, o propio deseño dos ámbitos de exposición, que en realidade veñen a ser vitrinas «fossilizadas» no propio edificio, (algo similar ó que se advirte no Museo de Mérida, por exemplo, cos problemas recoñecidos que presentan); en segundo lugar, a rotulación e información escrita, que semella insuficiente e pouco útil se non se segue co Listado-relatorio descriptivo que se vende á parte, primando en cambio aquela sensación escenográfica, de gran resultado á primeira impresión pero que, probablemente, non chegue a desenvolver o valor cultural e informativo (a tódolos niveis sociais e culturais) que se podería esperar dun conxunto museográfico que, con todo e aínda así, segue sendo un verdadeiro espello onde os Museos Monográficos de sitio poden ou deben mirarse.